



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 20 DE AGOSTO DE 2024**

### **PRESIDENTA:**

D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D. Daniel Mallo Castro  
D. Ramón Boga Moscoso  
D. David López Saborido  
D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir  
D. Raúl Varela Fraguío  
D. Manuel Castro Uzal

### **INTERVENTORA ACCIDENTAL:**

D.<sup>a</sup> Ana María Portela Torrón

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día vinte de agosto do ano dous mil vinte e catro, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D.<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D. Juan González Leirós, D. Daniel Mallo Castro, D. Ramón Boga Moscoso, D. David López Saborido, D.<sup>a</sup> María Yolanda Díaz Baldomir, D. Raúl Varela Fraguío e D. Manuel Castro Uzal.

Asiste á sesión a interventora accidental, D.<sup>a</sup> Sonia Machín Herranz, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 13 DE AGOSTO DE 2024**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 13 de agosto de 2024, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 13 de agosto de 2024.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local da seguinte publicación:

- Instituto Galego da Vivenda e Solo, Resolución do 5 de agosto de 2024 pola que se publican as porcentaxes de reserva de solo para vivenda protexida correspondentes ao ano 2024. DOG núm. 157, do 14-08-2024.

## **3.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**



A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións ditadas pola Alcaldía e concellerías delegadas de área dende o día 9 de agosto ao 13 de agosto de 2024, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 960/2024 e rematan coa resolución da Alcaldía núm. 963/2024, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
960/2024	09-08-2024	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local para o próximo martes día 13 de agosto de 2024, ás 9.00 horas
961/2024	13-08-2024	Desistencia de LMLP da solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade solicitada con data 21/02/2024 por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, polo tanto, o arquivo do procedemento.
962/2024	13-08-2024	Aprobación do padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de agosto de 2023. tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 114 recibos e 20 cotas cero dun total de 134 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>trece mil douscentos quince euros e vinte e catro céntimos</i> (13.215,24 euros) desde ALJ a VVC
963/2024	13-08-2024	Aprobar o padrón do prezo público polo servizo de axuda no fogar do mes de xullo de 2023, tendo en conta as horas prestadas no servizo de axuda no fogar no período, que comprende 114 recibos e 21 cotas cero dun total de 134 persoas usuarias e os importes correspondentes que deberán aboar cada unha das persoas usuarias en función da súa capacidade económica e das horas de atención recibidas, por un importe total de <i>trece mil catrocentos catorce euros e trinta e nove céntimos</i> (13.414,39 euros) desde ALJ a VVC

#### **4.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún asunto sobrevido.

#### **5.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dous minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e praxe

A presidenta

María Dolores Pan Lesta

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo